

O ensino do francés a partir dos anos setenta

M^a Silvina Paricio Tato

Universidade da Coruña

RESUMO: No presente traballo faise unha análise do progresivo declive ó que se viu sometido o idioma francés nos niveis non universitarios do noso sistema educativo, fundamentalmente EXB, Bacharelato e Formación Profesional, durante os anos de vixencia da Lei Xeral de Educación de 1970. Analízase como esta lingua se viu paulatinamente substituída polo inglés como idioma estranxeiro máis escollido polo alumnado. Ofrécese igualmente unha panorámica da redistribución das linguas francesa e inglesa no actual marco da LOXSE.

ABSTRACT: This article presents an analysis of the progressive decline of the French language in our educational system at the pre-university level, mainly in the elementary, secondary and vocational schools during the years that the General Education Act of 1970 was in effect. There is an analysis of how this language was gradually replaced by English as the language most commonly elected by the student body. Also presented is a panoramic view of the redistribution of French and English within the framework of the current Education Act LOGSE.

Introducción

Neste traballo pretendemos facer unha pequena análise da situación da ensinanza dos idiomas estranxeiros no marco da Lei Xeral de Educación do 70¹ e no actual da LOXSE². O noso interese céntrase en someter a exame un proceso producido durante a vixencia da primeira das mencionadas leis. Referímonos á progresiva substitución do francés polo inglés como lingua estranxeira máis escollida polo alumnado. Ese declive ó que se viu sometido o francés no período de vixencia da Lei Xeral de Educación desembocaría, nos anos inmediatamente anteriores á implantación da LOXSE, na súa práctica desaparición como idioma

¹ Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa (BOE 6-VIII-1970).

² Lei Orgánica 1/1990 de 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (BOE 4-X-1990).

estranxeiro estudado con carácter obrigatorio tanto na Educación Xeral Básica como nas Ensinanzas Medias. Coa entrada en vigor da LOXSE asistimos a unha consagración do inglés como lingua estranxeira cursada pola maioría do alumnado na etapa de Educación Primaria. O francés, pola súa banda, queda relegado a un discreto segundo plano como materia optativa que ten que ser ofertada por tódolos centros tanto na Educación Secundaria Obligatoria como no Bacharelato.

A modo de contextualización ofreceremos, primeiramente, unha rápida panorámica da consideración que recibían os idiomas estranxeiros nos plans de estudos de Bacharelato dende principios de século ata 1970. Esta panorámica axudará a poñer de manifesto o importante papel que correspondía ó francés en moitos deles, permitindo igualmente constatar as vacilacións que houbo ó longo do tempo no que respecta ó número de idiomas que se estaba cursando como obrigatorios, que podían ser un ou dous.

Nun segundo momento, faremos unha pequena exposición de cómo tivo lugar ese progresivo declive do francés como lingua estranxeira máis estudada no noso sistema educativo, ocupándonos de analizar a situación da ensinanza dos idiomas no marco da Lei Xeral de Educación do 70 e tamén na LOXSE.

Incluiremos finalmente dous estudos que avalan a nosa argumentación. No primeiro, apoiado en fontes estatísticas do Ministerio de Educación, presentaremos a distribución do alumnado da antiga Educación Xeral Básica e actual Educación Primaria por idiomas estranxeiros cursados, analizando tamén a capacitación ou especialización do profesorado dese nivel. No segundo, efectuaremos un seguimento do número de prazas de francés e inglés convocadas nos procedementos selectivos para ingreso nos diferentes Corpos docentes de niveis non universitarios.

1. As linguas estranxeiras no Bacharelato antes da Lei Xeral de Educación do 70

A presenza do francés como asignatura no noso sistema educativo remontaríase uns cento cincuenta anos atrás, xurdindo coa implantación da Lei Moyano de 1857. A devandita lei pode ser considerada como o primeiro esforzo serio do goberno para instaurar unha ensinanza secundaria merecedora dese nome, perdurando nas súas liñas xerais ata a Lei Villar Palasí de 1970. Dende 1857 sucedéronse así decenas de plans de estudos no Bacharelato que comportaban, case sempre, o estudo obrigatorio do francés, acompañado, nalgúns casos, dunha segunda lingua estranxeira que podía ser o alemán, o inglés ou o italiano.

Expoñeremos seguidamente, aínda que sexa de maneira esquemática, cómo se contemplaban as ensinanzas das linguas estranxeiras nos distintos plans de estudos de Bacharelato dende principios deste século³:

Plan de Estudios de 20-VII-1900: O Bacharelato comprende seis anos. O francés ten que estudiarse nos cursos 3º e 4º e o inglés ou o alemán en 5º e 6º.

Plan de Estudios de 6-IX-1903: Suprímese o segundo idioma, inglés ou alemán, dos cursos 5º e 6º, quedando como único idioma estranxeiro o francés, impartido en 3º e 4º. A importancia que se concede á lingua francesa neste plan, que se manterá ata 1926, obedecería ó destacado papel desempeñado naquel momento por Francia no mundo das relacións internacionais⁴.

Plan de Estudios de 25-VIII-1926: O francés impártese nos 3 anos do Bacharelato Elemental, reintroducíndose un segundo idioma, a elixir entre o alemán, o inglés e o italiano, nos dous anos do Bacharelato Universitario, dividido en Ciencias e Letras.

Plan de Estudios de 29-VIII-1934: Reorganización do Bacharelato en 7 anos, con dous ciclos, un primeiro de 4 anos, de carácter xeral, e un segundo de 3 anos, de preparación para a Universidade. O francés impártese de 1º a 4º, sendo a primeira lingua obrigatoria para todo o alumnado. Un segundo idioma, que pode ser o alemán ou o inglés, é estudiado a partir de 6º. Este plan de estudos, que concede preeminencia ó francés fronte ás outras linguas estranxeiras, nunca se levará á práctica debido ó estalido da Guerra Civil.

³ As informacións que incluímos baséanse nos escasos estudos existentes acerca do tema que reseñamos a continuación. Así, unha rápida panorámica da consideración das linguas estranxeiras nos distintos niveis en que podían ser ensinadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei Xeral de Educación, isto é, na Ensinanza Secundaria, nas Escolas Normais e nos Estudos Universitarios, pode consultarse no estudio conxunto de Manuel I. CABEZAS e José Carlos HERRERAS GARCÍA: *La enseñanza del francés en España: realidad y perspectivas*, Valencia, Nau Llibres, 1989, pp. 17-25. Estas informacións figuran tamén recollidas dun xeito máis breve nun artigo posterior de José Carlos HERRERAS GARCÍA: "L'Espagne. Vers le monolithisme dans l'enseignement des langues étrangères", en HERRERAS, José Carlos (dir.): *L'enseignement des langues étrangères dans les pays de l'Union Européenne*, Louvain-la-Neuve, Peeters, 1998, pp. 149-179. Enfocado dende a perspectiva da historia da educación, resulta moi ilustrativo ó respecto o traballo de M^a Eugenia FERNÁNDEZ e Javier SUSO: *La enseñanza del francés en España (1767-1936). Estudio histórico: objetivos, contenidos, procedimientos*, Granada, Método Ediciones, 1999. Estes especialistas ocúpense de estudar a posición desempeñada por esta lingua nos plans de estudos que se sucederon para o Bacharelato entre 1900 e 1936 nas pp. 229-244. Finalmente, para os plans de estudos de ensinanza media é obrigada a consulta da obra de Manuel UTANDE IGUALADA: *Planes de Estudio de Enseñanza Media*, Madrid, Ministerio de Educación Nacional, 1964.

⁴ M^a Eugenia FERNÁNDEZ, Javier y SUSO, *op. cit.*, p. 46.

Fronte a esta situación de privilexio para o francés detectada nos plans de estudos que se sucederon dende principios de século ata o ano 1934, o Plan de Estudos de 1938, primeiro do réxime franquista, favorecerá as linguas dos países aliados naquel momento, isto é, o alemán e o italiano. Era obrigatorio cursar unha delas, sendo optativa a elección, como segundo idioma tamén obrigatorio, do inglés ou do francés.

Se ben o Plan de Estudos de 1953 ampliará o número de linguas estranxeiras ofertadas a cinco -inglés, francés, alemán, italiano e portugués- a principal innovación establecida nel ven dada pola obrigatoriedade de cursar só unha. No Plan de Estudos de 1957, o número de linguas propostas veráse limitado a tres: francés, inglés e alemán. Nembargantes continúa a ser obrigatorio escoller só unha. A obrigatoriedade de cursar un único idioma no Bacharelato manteráse ata a Lei Xeral de Educación do 70 e incluso despois da entrada en vigor desta última, chegando ata o actual marco da LOXSE⁵.

Na década dos 60, isto é, nos anos anteriores á Lei Xeral de Educación do 70, contemplábase, por conseguinte, no Bacharelato a obrigatoriedade de estudar só unha lingua estranxeira, materializándose este feito na práctica na posibilidade de eleixir fundamentalmente entre o francés e o inglés. Nembargantes, o idioma que se cursaba estaba en boa medida condicionado polo centro concreto, público ou privado, no que se estudiaba. Así, dada a obrigatoriedade de estudar unha única lingua estranxeira, era frecuente que os centros privados ofertasen só unha das dúas, dependendo esta decisión da propia institución escolar. Polo que se refire ós Institutos Nacionais de Bacharelato, durante moito tempo o francés constituíu a opción máis escollida polo alumnado. Entre as razóns xustificativas desta elección poderían alegarse, na nosa opinión, dúas: a primeira, unha forte tradición recollida do pasado e arraigada ó longo do tempo no noso sistema educativo que consideraba a lingua francesa como vehículo de expresión da cultura por excelencia; a segunda, unha maior semellanza coa lingua castelá que favorecía a difusión da crenza entre o alumnado de que resultaba máis doada de aprender.

⁵ Segundo apuntan Manuel I. CABEZAS e José Carlos HERRERAS , *op. cit.*, p. 20, "La característica fundamental de la política lingüística del Régimen Franquista (como en los planes del siglo XIX y principios del XX) es pues la inestabilidad, la fluctuación tanto en lo que concierne a la oferta como a la obligación de estudio de las lenguas extranjeras. Esta constatación denota que la política lingüística fue más la consecuencia de la coyuntura política internacional (ayudas de la Alemania nazi y de la Italia fascista durante la Guerra Civil; pérdida de la guerra de los Países del Eje) que el resultado de un análisis sobre la función y el papel del dominio de una o varias lenguas extranjeras en el futuro escolar, profesional y social de los jóvenes".

2. As linguas estranxeiras na Lei Xeral de Educación do 70 e na LOXSE

Coa Lei Xeral de Educación, a aprendizaxe da lingua estranxeira iníciase na Segunda Etapa da Educación Xeral Básica, pasando así a ser obrigatorio o estudio dunha nos cursos 6º, 7º e 8º para toda a poboación escolar que ten entre 11 e 14 anos en igualdade de condicións. O número de idiomas ofertados elévase en principio a cinco: francés, inglés, alemán, italiano e portugués⁶. Tamén nos niveis de BUP, COU e Formación Profesional é obrigatorio estudar un só idioma estranxeiro. Maila a amplitude aparente da oferta, na práctica, as linguas cursadas nos centros da rede pública e nos da privada tanto na EXB como nas Ensinanzas Medias serán fundamentalmente dúas: o francés e o inglés, sendo nun primeiro momento a lingua francesa a máis escollida⁷.

Por outra banda, no que respecta ó profesorado encargado de impartir as linguas estranxeiras na Segunda Etapa do Ensino Xeral Básico, contéplase, no Plan Experimental do 71 de Formación do Profesorado, a figura do especialista en “Lingua Española e Idiomas Modernos” dentro da rama de “Filolóxicas”. Os futuros aspirantes a mestres víanse obrigados, á hora de cursar os seus estudos, á elección entre os idiomas francés ou inglés. Cómpre ter en conta que, nunha porcentaxe moi elevada, os futuros profesores de E.X.B. daquel entón

⁶ Nas *Nuevas Orientaciones para la Segunda Etapa de la Educación General Básica*, Madrid, Magisterio Español, 1971, pp. 36- 57, figuran recollidos os programas para esas cinco linguas. Posteriormente, os *Programas Renovados de la Educación General Básica. Ciclo Superior. 6º, 7º y 8º curso*, Madrid, Escuela Española, 1982, incluírán xa únicamente o inglés e o francés (pp. 236-328).

⁷ Requírese precisar aquí que a ampliación do período de escolarización obrigatoria ata os catorce anos introdúcese xa na Lei de 29 de abril de 1964 (Cfr. *Colección Legislativa*, año 1964, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1972, pp. 407-408), graduándose nela a ensinanza da Educación Primaria en oito cursos. A importante innovación que aporta a Lei Xeral de Educación é a unificación obrigatoria de tódolos estudos básicos ata os catorce anos, xa que con anterioridade existían dous niveis diferentes de Educación Primaria: permanencia ata os catorce anos nas escolas para o alumnado que non seguía estudos, ou ben só ata os dez para os que ingresaban no Bacharelato Elemental. En calquera caso, como consecuencia desa ampliación da escolaridade publícanse no ano 1965 os *Novos Cuestionarios Nacionales para a Ensinanza Primaria*. Neles aparece incluída por primeira vez nese nivel de ensino, nos cursos 7º e 8º, a Lingua Estranxeira, sendo esta exclusivamente o inglés (Cfr. Orde de 8 de xullo de 1965, *Colección Legislativa*, año 1965, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1972, pp. 413 y ss.). Por outra banda, no plan de estudos das Escolas Normais adaptado á nova lei de ensinanza primaria e establecido por Orde de 1 de xuño de 1967 (Cfr. *Colección Legislativa*, año 1967, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1972, pp. 640-642), figura como única lingua estranxeira no Primeiro e Segundo Cursos “Idioma inglés y su didáctica”. Esta exclusividade da presenza do inglés tanto nos estudos de Maxisterio como no 7º e 8º graos de primaria modificárase posteriormente coa Orde de 14 de outubro de 1969, declarándose optativo o estudio dos idiomas inglés ou francés. A decisión xustificábase nos seguintes termos: “El Plan de estudios del Magisterio establecido por Orden de 1 de junio de 1967 (Boletín Oficial del Estado del 8) y los cuestionarios de Enseñanza Primaria de los cursos séptimo y octavo, aprobados

tiñan estudiado no Bacharelato o francés, que era a lingua máis implantada⁸. Por iso, cando iniciaban os estudos de Maxisterio, ascendidos co novo plan ó rango de diplomatura universitaria, optaban por continuar estudiando aquela lingua estranxeira coa que xa estaban familiarizados. Este feito explica así mesmo a razón de que, trala implantación do Plan Experimental do 71, nas primeiras promocións o profesorado especialista ou con coñecementos de francés superase ó de inglés. Moi posiblemente xa cara a finais da década dos setenta, empezaría a constatare unha tendencia á redución de diferencias entre ámbalas dúas linguas, incrementándose nas Escolas de Maxisterio a cifra de alumnado que cursaba inglés⁹. É importante salientar que a reforma da Lei Xeral de Educación e a conseguinte introducción deste Plan de Estudos na Formación do Profesorado conleva que por primeira vez os docentes formados nas Escolas de Maxisterio teñan que encargarse de impartir a lingua estranxeira, ó longo de tres cursos, a toda a poboación en idade de escolarización obrigatoria, un feito totalmente novedoso. Se ben era habitual a inclusión da lingua estranxeira entre as materias a estudar polos mestres na súa formación inicial, nos plans de estudos anteriores ó de 1967¹⁰ esta constituía principalmente un elemento integrante da súa bagaxe cultural, como poñen de manifesto Manuel I. CABEZAS e Xosé Carlos HERRERAS:

Por primera vez, con este plan [Refírese ó Plan Experimental do 71], la lengua extranjera

por la de 8 de julio de 1965, señalan la lengua inglesa como único idioma extranjero de enseñanza obligatoria. Por otra parte, en el vigente Plan de Estudios de Bachillerato, la enseñanza de las lenguas vivas tiene carácter opcional, siendo muy elevado el porcentaje de alumnos que cursa el idioma francés.

Las numerosas peticiones de alumnos de Magisterio para que se incluya en el Plan de estudios de la carrera la disciplina de francés, por haber cursado dicho idioma en el Bachillerato, así como la necesidad de coordinar en todos los niveles los distintos planes de enseñanza, aconsejan modificar las Órdenes citadas en el sentido de hacer figurar el idioma francés junto con el inglés, en los respectivos planes de estudio, concediendo al alumnado la posibilidad de optar por uno u otro (...).

La Orden ministerial de 8 de julio de 1965 que aprobaba los cuestionarios de Enseñanza Primaria queda modificada en el sentido de que figure, con carácter opcional, junto con la enseñanza del idioma inglés para los cursos séptimo y octavo, la enseñanza de la lengua francesa, con el mismo nivel y extensión que la reflejada para el idioma inglés" (*Colección Legislativa*, año 1969, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1972, p. 760).

⁸ Cfr. na nota anterior

⁹ Lamentablemente non existen datos estatísticos oficiais que permitan corroborar as anteriores afirmacións, se ben si constan declaracións nese sentido nalgún estudio sobre a ensinanza do francés en España efectuado na década dos oitenta, onde pode lerse: "El idioma más estudiado en los primeros años de implantación del plan [Fálase do Plan Experimental do 71] era, con mucha diferencia, el francés. En la actualidad [finais dos oitenta], aunque no hay estadísticas disponibles, podemos suponer, teniendo en cuenta la situación existente en E.G.B. y B.U.P.-C.O.U. que el inglés predomina. De hecho, la especialidad de francés no es propuesta en todos los centros de formación [Refírese ás Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de EXB]" (Manuel I. CABEZAS GONZÁLEZ, y José Carlos HERRERAS GARCÍA, *op. cit.*, p. 45).

¹⁰ Cfr. na nota 8.

deja de ser una materia exclusivamente cultural, para pasar a ser una asignatura importante de la formación profesional de los maestros. En efecto, la lengua extranjera forma parte del programa de la segunda etapa de EGB y los nuevos profesores de EGB tendrán que enseñarla¹¹.

A incorporación do idioma estranxeiro ó Ensino Xeral Básico correu parella a unha paulatina implantación xeneralizada do ensino do inglés en detrimento do francés, sendo este o fenómeno que nos propoñemos analizar aquí¹². Aínda que de acordo coa normativa vixente no momento existía, teoricamente, a posibilidade de eleixir alomenos entre as dúas linguas neste nivel do sistema educativo, esa pluralidade de opcións víase fortemente restrinxida na práctica por razón, no caso dos centros públicos de EXB, da configuración das plantillas, que dependía do número de unidades que o centro tivese asignadas. Así, en moitos casos, non era posible ter especialista para inglés e francés. En principio, a decisión sobre a lingua estranxeira a ofertar naqueles casos en que non se podía contar con profesorado especializado para as dúas, recaía sobre o claustro de cada colexio, debendo contarse para elo coa autorización da Delegación co fin de garantir a necesaria continuidade na ensinanza do idioma escollido¹³. No caso dos centros privados, o habitual era tamén que se ofertase ou ben o inglés ou ben o francés, sendo eles mesmos quen tomaban a decisión a este respecto. A posibilidade de elección real do alumnado víase, xa que logo, sometida a fortes restricións:

¹¹ Manuel I. CABEZAS, e José Carlos HERRERAS, *op. cit.*, p. 45.

¹² Cfr., no apartado 3.1, o estudo sobre a distribución do alumnado por idiomas estranxeiros cursados no nivel de Educación Xeral Básica/Educación Primaria.

¹³ A regulación das plantillas nos Colexios Nacionais de EXB aparece recollida no Decreto 3600/1975, de 5 de decembro (BOE de 17-I-1976), sendo este complementado posteriormente coa Orde de 29 de xullo de 1976 (BOE de 5-VIII-1976). De acordo co último dos textos legais mencionados, nos Colexios Nacionais de oito unidades, a plantilla de profesorado tiña que estar constituída por cinco de primeira etapa e tres de segunda. Os de segunda etapa tiñan que ser un para cada unha das especialidades: área filolóxica, área de matemáticas e ciencias da natureza e área de ciencias sociais, establecéndose con respecto ó idioma que “en este suposto, habrá de determinarse por la Delegación, a propuesta del Claustro de cada Colegio, con el visto bueno de la Inspección Técnica, el idioma moderno que va a impartirse en el Centro, a fin de que la enseñanza del mismo tenga la necesaria continuidad”. No caso dos Colexios Nacionais cun número de unidades múltiplo de oito (isto é, 16, 24 ou 32), o criterio a seguir para a determinación da plantilla de profesorado era o mesmo, se ben se introducía a posibilidade de impartir dous idiomas modernos nos centros. Finalmente, no caso de Colexios Nacionais con máis de oito unidades escolares que non foran múltiplo de oito, establecíase que as cinco primeiras unidades que excederan a cifra de oito serían consideradas de primeira etapa, a sexta correspondería a un profesor especialista na área filolóxica e a séptima a un profesor especializado na área de matemáticas e ciencias da natureza. Interésanos facer fincapé en que este Decreto de Plantillas non foi tido en conta á hora de asignar as prazas nos concursos de traslados, que non se cubrían de acordo coas especialidades, sendo o criterio que primaba o da antigüidade.

En realidade, a posibilidade de elección do alumno ou da familia é teórica, xa que son outros factores os que determinan que se estudie unha lingua u outra: o número de alumnos que ha elegido unha determinada lingua, a elección feita por o centro escolar, a posibilidade de poder dispoñer de un profesor especialista, etc. Así púese, o alumno de EGB está obrigado a estudar unha determinada lingua, sin haber tido a posibilidade de elegir¹⁴.

Ocorreu así que, de ano en ano, un número cada vez maior de centros da rede pública e da privada deixaba de ofertar o francés para establecer como alternativa o inglés. Este cambio contou sempre co visto bó da Administración, que pretendía dar resposta a unha crecente demanda social da lingua inglesa.

A implantación cada vez máis xeneralizada do inglés na Segunda Etapa da EXB levou consigo unha diminución progresiva do número de alumnos e alumnas que escollía francés no Bacharelato e na Formación Profesional, provocando que o profesorado encargado de impartir a materia nestes niveis se vira enfrontado a un grave problema ante o que a Administración non ofrecía solución ningunha¹⁵. De feito, a actitude da Administración con respecto a este colectivo docente foi sempre un tanto ambigua, oscilando entre unha aparente comprensión das súas reivindicacións de cara a manter a presenza da lingua francesa no sistema educativo, comprensión que non se traducía na adopción de ningunha medida concreta que poidera favorecerlo, e unha firme vontade de continuar a progresiva implantación do inglés, alegando como xustificación da súa postura a existencia dunha crecente demanda social que non podía ser desatendida.

¹⁴ Manuel I. CABEZAS e José Carlos HERRERAS, *op. cit.*, p. 27.

¹⁵ A preocupación dos colectivos docentes de Ensinanzas Medias que impartían francés vese reflectida nalgúns estudos acerca da situación do ensino desa lingua no noso sistema educativo efectuados na década dos oitenta. Tal é o caso dos traballos presentados nos Encontros Internacionais sobre *La Lengua Francesa en las Comunidades Bilingües del Estado Español*, organizados polo Departamento de Filoloxía Francesa da Universidade de Valencia e celebrados nesa cidade entre o dous e o catro de novembro de 1987. Nas actas deses encontros, publicadas dous anos máis tarde, en 1989, polo Servicio de Publicacións da propia Universidade, cinco das contribucións presentadas están adicadas a análise desa problemática, abarcando ben a situación xeral do francés en EXB, BUP e COU no conxunto do Estado español entre os anos 1977-78 e 1985-86 (Manuel I. CABEZAS GONZÁLEZ, "La situación actual y el futuro del francés en B.U.P.-C.O.U. en la España de las autonomías", pp. 13-26), ben referidas exclusivamente á EXB nas distintas Comunidades Autónomas nesas mesmas datas (José Carlos HERRERAS GARCÍA, "La situación de la enseñanza del francés a nivel de E.G.B. en las comunidades Autónomas del Estado Español: estudio comparativo", pp. 75-81), ben centradas nunha Comunidade Autónoma concreta: Illas Baleares (Antonio VICENS CASTANER, "La enseñanza del francés en la comunidad autónoma de las islas Baleares", pp. 43-54), Galicia (Xosé RUBAL RODRÍGUEZ, "Situación do francés no ensino medio e no ciclo superior de E.X.B. en Galicia") e País Vasco (Maite DOMÍNGUEZ AURRECOEHEA, "La situación del francés en Euskadi: datos y propuestas", pp. 75-81).

A falta de apoio da Administración ó profesorado de francés de Ensinanzas Medias traducíase nas continuas reticencias a introducir nos plans de estudos deste nivel educativo un segundo idioma estranxeiro, nin sequera con carácter optativo. O certo é que este colectivo víase enfrontado a unha diminución do seu prestixio profesional derivada da falta de alumnado nas aulas, chegando a ser lugar común, cara a finais da década dos oitenta, o impartir clase a un só alumno ou alumna. Como consecuencia delo, ante a imposibilidade de cubrir horario, víase na obriga de impartir toda unha serie de materias afíns que, de ano en ano, estaban condicionadas polas horas que quedaban sen cubrir nos centros. Un segundo problema que se lle presentaba, e que cómpre poñer en relación, ó igual que o anterior, coa configuración do seu posto de traballo, era a práctica imposibilidade de cambiar de destino nos concursos de traslados convocados con carácter anual, así como a non convocatoria de prazas nas oposicións, que impedía ó profesorado interino e ó alumnado, que remataba os seus estudos de Filoloxía Francesa nas Facultades, o acceso á Función Pública docente¹⁶.

Coincidindo con esa situación pouco favorable que estaba a sufrir o profesorado de francés, especialmente o que impartía a materia nas Ensinanzas Medias, comezou a agruparse en asociacións que empezaron a extenderse por toda España durante a década dos oitenta, evidenciando moitas delas un alto grao de dinamismo e mantendo a súa actividade ata o momento presente. Xa dende os seus inicios, un dos obxectivos prioritarios recollidos nos estatutos destas asociacións era a renovación pedagóxica. Dá comezo así unha tradición de organizar distintas “xornadas” que tiñan como finalidade facilitar a actualización do colectivo docente especialista da materia. Unha segunda realización importante resultante desta tendencia ó asociacionismo foi a publicación, en maio de 1986, do número 0 de *Ici et là*, que pasaba a converterse na revista dos profesores e profesoras de francés en España¹⁷. Finalmente estas asociacións convertéronse en mediadoras ante a Administración, á que elevaban as reivindicacións dos seus socios-membros, entre as que ocupaba un lugar destacado a necesidade de introducir un segundo idioma con carácter obrigatorio nos plans de estudos. Este obxectivo nunca foi acadado, se ben si se conseguiu a incorporación, con carácter experimental e en calidade de optativo para o alumnado, das ensinanzas dun segundo idioma nos

¹⁶ Cfr., o estudio sobre as convocatorias de prazas de francés e inglés que presentamos no apartado 3.2 (táboa 1.2), onde pode comprobarse este extremo.

¹⁷ *Ici et là. Revista de los Profesores de Francés en España*, 1986, núm. 0. Nese número fundacional aparece incluída, na páxina 11, unha relación das asociacións de profesores de francés constituídas ata o ano 1986 en España, que xa eran dezaoto.

plans de estudos de Bacharelato e Formación Profesional¹⁸. Cómpre dicir, sen embargo, que esta medida constituíu pouco máis que un mal “remendo”, unha medida transitoria que tivo unha escasa repercusión e non foi acollida positivamente polo alumnado, xa que a materia tiña que ser cursada fóra do horario lectivo. A decisión de impartir ou non ese segundo idioma quedaba, ademáis, nas mans dos centros, e a correspondente autorización da Administración só era concedida se existía profesorado con horas dispoñibles e un mínimo de vinte alumnos por curso interesados.

Podemos afirmar, por conseguinte, que, ata a chegada da LOXSE, a situación do profesorado que impartía francés nas Ensinanzas Medias non sufriu ningún cambio positivo, facéndose cada vez máis patente a tendencia á desaparición desa lingua do sistema educativo.

A LOXSE segue a contemplar a obrigatoriedade de cursar unha única lingua estranxeira tanto na etapa de Educación Primaria como na de Educación Secundaria Obrigatoria, ó igual que no novo Bacharelato. A Segunda Lingua Estranxeira figura como materia optativa de oferta obrigada por parte de tódolos centros na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato. Se ben no actual marco legal existe a posibilidade de optar polo francés ou ben o inglés, ou incluso outro idioma para ser cursado con carácter obrigatorio en calquera dos niveis do sistema educativo, vémonos enfrontados actualmente á consolidación da tendencia, arrastrada xa de anos atrás, a consagrar o inglés como idioma maioritariamente escollido polo alumnado no noso país, sendo asumido principalmente polo francés o papel de Segunda Lingua Estranxeira de carácter optativo. Dende esta perspectiva, pódese afirmar que a LOXSE supón o discreto rexurdimento da presenza do francés no noso sistema educativo, aparecendo incluído, aínda que sexa con carácter facultativo, nun nivel de escolarización obrigatoria para a toda a poboación como é a Educación Secundaria Obrigatoria.

3. Datos sobre os idiomas estranxeiros cursados polo alumnado de EXB/Ed. Primaria e o profesorado capacitado para impartilos

O estudo que aquí presentamos, baseado nas estatísticas elaboradas anualmente polo

¹⁸ A incorporación das ensinanzas dun segundo idioma ós plans de estudos de Bacharelato e Formación Profesional recóllese, para o territorio MEC, en dúas Ordes Ministeriais de 8 de xuño de 1988 BOE, 11-VI-1988, e, para a Comunidade Autónoma galega, noutras dúas Ordes de 14 de marzo de 1989 DOG, 17-V-1989, no caso da Formación Profesional, e DOG, 23-V-1989, no caso do Bacharelato).

Ministerio de Educación, abrangue dúas grandes fronteas, circunscribíndose ámbalas dúas ó nivel de Educación Xeral Básica/Educación Primaria¹⁹. Así, por unha banda, recollemos datos sobre a evolución sufrida polos idiomas estranxeiros cursados polo alumnado dese nivel entre os anos 1977-78 e 1995-96²⁰ e, por outra banda, ofrecemos datos referidos á capacitación ou especialización do profesorado de Educación Xeral Básica -actualmente Mestres- para impartir linguas estranxeiras entre os anos 1977-78 e 1987-88²¹. Para cada unha das fronteas abordadas efectuamos primeiramente unha análise global da situación, e, posteriormente, un estudio atendendo á distribución nos sectores público e privado. A comparación da situación dos idiomas nos dous sectores era obxecto de especial seguimento e preocupación por parte da Administración cara a finais da década dos setenta e principios dos oitenta, isto é, nos primeiros anos en que se empezan a recoller datos sobre os idiomas,

¹⁹ Polo que respecta ás fontes estatísticas consultadas, cómpre salientar a existencia de dúas series de publicacións anuais nas que poden localizarse datos referidos á situación do sistema educativo español, correspondendo a súa elaboración, nun caso, ó Instituto Nacional de Estadística e noutro, ó Ministerio de Educación. Entre os anos 1945-46 y 1984-85 era o Instituto Nacional de Estadística, quen, na súa serie de publicacións *Estadística de la Enseñanza en España*, ofrecía as estatísticas correspondentes a tódolos niveis de ensinanza comprendidos no sistema educativo español. Nembargantes, as anteditas publicacións nutriáanse das informacións recollidas nos cuestionarios enviados ós centros de ensinanza polo Ministerio de Educación, sendo estes normalmente cubertos polos directores. Posteriormente, eses datos eran remitidos ó Instituto Nacional de Estadística, organismo encargado da súa publicación. A partir do curso 1985-86, en virtude da Orde Ministerial do 5 de novembro de 1985, é o Ministerio de Educación e Ciencia quen, a través do seu Servicio de Estudios Estadísticos e previo acordo co Instituto Nacional de Estadística, asume as funcións de recollida, procesamento e publicación de resultados das estatísticas dos niveis non superiores do sistema educativo, presentándoos na serie de publicacións *Estadística de la Enseñanza en España. Niveles de Preescolar, General Básica y Enseñanzas Medias*. Queda así como competencia do Instituto Nacional de Estadística a elaboración e publicación da estatística anual das ensinanzas correspondentes ó Nivel Superior ou de Terceiro Grao, manténdose esa distribución ata o momento actual. (para unha comprobación das anteriores explicacións, a presentación incluída no volume *Estadística de la Enseñanza en España. Curso 1988-89. Series, resúmenes e indicadores de todos los niveles*, Madrid, Instituto Nacional de Estadística, 1993).

Cómpre dicir, nembargantes, que na serie *Estadística de la Enseñanza en España*, entre os anos 1977-78 e 1985-86, non constan informacións referidas ós idiomas cursados polo alumnado no noso sistema educativo. As nosas fontes, por conseguinte, baséanse en datos recollidos polos Servicios Estadísticos do Ministerio de Educación que non sempre foron publicados, especialmente os relativos á capacitación en idiomas estranxeiros do profesorado de Educación Xeral Básica.

²⁰ As datas corresponden ó primeiro e último ano ata o momento para os que se dispón de cifras oficiais sobre a distribución do alumnado de EXB/Ed. Primaria atendendo á lingua estranxeira cursada. É curioso constatar cómo, a pesar de que no curso 71-72 había xa alumnos e alumnas que estudiaban unha lingua estranxeira na EXB e de que a reforma estaba concluída para ese nivel no curso 1974-75, non se dispón de datos estatísticos oficiais relativos ó ensino das linguas estranxeiras ata o ano 1977-78.

²¹ As datas veñen unha vez máis impostas pola disponibilidad de datos, sendo eses os únicos anos para os que podíamos ofrecer o total nacional en relación coa especialización en idiomas estranxeiros dentro do colectivo de docentes de EXB. A partir do ano 1988-89 deixaron de sumarse nos Servicios Estadísticos do MEC as cifras referidas á totalidade do territorio español por mor da existencia de problemas nos datos suministrados por algunhas Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de educación.

xa que as estatísticas anuais poñían de manifesto unha maior implantación das ensinanzas do inglés nos centros non estatais e, por conseguinte, unha maior capacidade do sector privado para dar resposta á crecente demanda social favorable a esa lingua. Estes feitos obedecerían, segundo a Administración, á existencia, nos centros estatais, dunha maioría de profesorado de EXB capacitado ou especializado en francés fronte a un escaso número de especialistas en inglés. Así o poñen de manifesto os seguintes parágrafos extraídos dos textos introductorios que acompañaban nun principio os estudos estatísticos efectuados polo Ministerio de Educación:

Curso 1977-78:

Ello significa que el porcentaje de profesorado capacitado en idioma francés es análogo en el sector estatal que en el no estatal y *en inglés casi duplica el sector no estatal al estatal*²².

La preponderancia de los profesores de francés [no sector público] obedece seguramente a la mayor facilidad para su estudio por parte de los docentes, que en las Escuelas Normales de Magisterio, antiguas, y en las Universitarias de Formación del Profesorado de EGB, modernas, optarán por este idioma en mayor proporción que por el inglés. Como apoyo de la hipótesis apuntada puede presentarse la diferente importancia relativa que tienen los profesores de francés en los sectores estatal y no estatal; en el primero, los docentes son funcionarios del Cuerpo de Profesores de EGB y en la oposición que han de aprobar para su ingreso en el mismo, el idioma es una parte y no la más importante de ella y así optan por el que han estudiado en la carrera. Por el contrario, *los centros no estatales, cuando contratan al personal docente concretamente lo buscan en muchas ocasiones capacitado en inglés por ser el idioma que la demanda social pide con mayor interés*²³.

Curso 1979-80:

La distribución del profesorado de idiomas de acuerdo con la lengua en que está capaci-

²² MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *La educación en España. Análisis del Curso 1977-78. Educación Preescolar, General Básica, Especial, Adultos, Formación Profesional, Bachillerato, C.O.U., Educación Universitaria, Estudiantes extranjeros*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estadística, 1978, p. 11. [A cursiva é nosa]

²³ MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *Las especialidades del profesorado de Educación General Básica. Curso 1977/78. Análisis de los datos sobre: Preescolar. Áreas de E.G.B. Idiomas Extranjeros. Lenguas vernáculas*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estadística, 1979, pp. 9-10. [A cursiva é nosa]

tado es diferente en la enseñanza estatal y la no estatal. En la primera prevalecen los enseñantes del idioma francés (...). Consecuentemente, la proporción de profesores de inglés es mayor en la enseñanza privada que en la pública. Lo que parece indicar una mayor agilidad del sector privado en acomodarse a la demanda que, hoy por hoy, está muy centrada en el aprendizaje del inglés. Bien es verdad que la estructura del profesorado estatal es más rígida, lo que impide acomodaciones rápidas. La estructura del profesorado de idiomas de los centros oficiales está condicionando a los alumnos²⁴.

Parece que la distribución del profesorado según el idioma que conoce está condicionando más al alumnado oficial que al privado, partiendo del supuesto de una mayor apetencia por conocer el inglés que el francés²⁵.

Curso 1980-81:

La comparación con las cifras de los cursos anteriores muestran que *persiste el incremento constante de los alumnos que estudian inglés, a pesar de la falta de profesores y la baja continuada de los que eligen francés (...)* La relación inglés/francés en los centros privados es casi la inversa de la existente en los centros públicos; el mayor volumen de alumnos de francés en éstos se debe, seguramente, a la formación del profesorado, entre el que existe un número de personas preparadas para impartirle mayor del que hay para impartir inglés. Por el contrario, en los centros privados hay mayor movilidad del personal docente y es más fácil modificar la plantilla, adecuando la oferta a las necesidades de la demanda y parece innegable que actualmente se desea más estudiar inglés que francés.²⁶

Curso 1981-82:

Repetidamente se ha dicho en estos análisis anuales de datos, que la tendencia normal se encamina hacia un aumento de los alumnos de inglés, tendencia que se frena especialmente en los centros públicos por la falta de profesorado idóneo²⁷.

²⁴ MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *Estadística de la Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1979-80*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estadística, 1980, pp. 10-11. [A cursiva é nosa]

²⁵ *Ibidem*, p. 11.

²⁶ MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *La Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1980-81. Análisis de los datos nacionales*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estadística, 1981, pp. 18-19. [A cursiva é nosa]

²⁷ MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *La Educación en España. Análisis de la situación en 1982. Preescolar, Educación General Básica, Educación Especial, Permanente de Adultos, Formación Profesional, Bachillerato y C.O.U., Enseñanzas Artísticas y otras no integradas en el sistema educativo*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estudios Estadísticos, 1983, p. 25.

Previamente á presentación do estudo, cómpre precisar que as cifras de alumnos e alumnas que cursaban algunha lingua estranxeira que incluiremos, non se corresponden exactamente co número de alumnos e alumnas reais que tiñan a obrigatoriedade de estudiala na Segunda Etapa da Educación Xeral Básica. As razóns explicativas deste feito situaríanse, por unha banda, en que podía darse a circunstancia, no caso das escolas unitarias, de que o profesorado carecese de capacitación algunha e o alumnado quedase sen recibir ensinanza de idiomas e, por outra banda, a que, sobre todo nos centros privados, podían incluírse, xunto coas ensinanzas dun primeiro idioma obrigatorio na Segunda Etapa de EXB, as dun segundo idioma estudiado polo alumnado que o desexaba nas condicións que cada institución escolar establecía. Ademais, algúns centros non estatais ofrecían a posibilidade de comezar as ensinanzas da lingua estranxeira xa na Primeira Etapa, segundo se desprende do parágrafo que reproducimos seguidamente:

queda el problema (...) de los alumnos de escuelas unitarias que, en centros estatales, se quedarían sin recibir la enseñanza de idiomas por no poder realizarlo el profesor que esté destinado en aquellas [sic]. Y, por el contrario, en los centros no estatales, según parece [sic] indicar las cifras recogidas, hay alumnos que cursan un idioma sin que sea obligatorio, bien el único en la primera etapa de EGB o bien un segundo idioma, en la segunda etapa²⁸.

É conveniente tamén puntualizar, no caso do profesorado, que as cifras que ofreceremos non se corresponden cun número de persoas físicas, xa que un mesmo profesor podía posuír máis dunha especialidade, podendo estar capacitado para impartir máis dun idioma. Así mesmo, nas fontes consultadas mistúranse os conceptos de capacitación e especialización. Ocorre así que para algúns anos (é o caso de 1977-78, 1978-79 e 1979-80) recollíase esta información sen indicar cá era o tipo de titulación que capacitaba para impartir inglés, francés ou ben outros idiomas, non especificándose si se trataba dunha Diplomatura de Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB, dunha Licenciatura, dun cursiño convocado polo MEC ou calquera outra.

Xulgamos necesario poñer en relación as datas en que empeza a recollese a información referida ós idiomas estranxeiros co momento histórico que estaba a vivir o noso país, que coincide co período de transición á democracia despois dos corenta anos de ditadura

²⁸ MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *Las especialidades del profesorado de Educación General Básica. Curso 1977/78. Análisis de los datos sobre: Preescolar. Áreas de E.G.B. Idiomas Extranjeros. Lenguas vernáculos*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, Gabinete de Estadística, 1979, p. 8.

franquista. Así, a forte demanda social cara á lingua inglesa sería unha consecuencia do novo contexto político en que principiaba a moverse España. Non é unha casualidade que sexa precisamente no ano 1977, dous anos despois da morte do xeneral Franco, cando as instancias educativas empezan a preocuparse pola situación dos idiomas. O momento coincide coa definitiva apertura do país ó mundo das relacións internacionais. Nesas datas, o papel predominante na esfera política, económica e cultural non corresponde xa a Francia, como ocorría no primeiro tercio do século, senon ós Estados Unidos, tendo derivado esta circunstancia na consagración da hexemonía do inglés como *lingua franca* de comunicación a nivel internacional, tanto no mundo académico ou erudito como no das transaccións comerciais. Era lóxico, por conseguinte, que se fixera sentir na sociedade unha necesidade imperiosa de coñecer ese idioma. A demanda social non xurdiría dun día para outro, senon que se tería xestado xa nos últimos anos do franquismo, sendo consecuencia do crecemento económico e industrial experimentado pola sociedade española na década dos sesenta, trala ruptura da política de illamento e o establecemento de lazos de amizade cos Estados Unidos na década dos cincuenta.

3.1 Idiomas estranxeiros cursados polo alumnado de EXB/Ed. Primaria

Do exame do Cadro 1.1²⁹ despréndese que o descenso do alumnado de francés comeza xa cara a finais da década dos 70. No curso 1977-78 existe unha clara superioridade numérica de alumnos e alumnas que cursa esa lingua. O predominio manténse un par de anos, apreciándose nembargantes unha tendencia á baixa. O curso 1980-81 marca o punto de equilibrio entre os idiomas inglés e francés, que aparecen practicamente igualados. A partir

²⁹ Elaboración propia a partir das estatísticas anuais realizadas polo MEC. Ó final do artigo incluímos a relación completa.

Faltan datos referidos ó curso 1982-83 debido a que non puidemos localizar a correspondente estatística anual. Os únicos datos referidos ó curso 1982-83 ós que nos foi posible acceder figuran nun cadro incluído nun volume adicado á análise dos anos 1984-85 e 1985-86 no que se fai referencia á evolución porcentual da matrícula en idiomas estranxeiros entre os cursos 1980-81 e 1985-86 (Cfr. MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA: *Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Cursos 1984-85 y 1985-86. Análisis de los datos nacionales*, Madrid, MEC, Centro de Proceso de Datos y Servicio de Estudios Estadísticos, 1987, p.71). No cadro en cuestión ofrécese a seguinte distribución porcentual: Inglés, 56,1%; Francés, 43,2%; Outros, 0,7%. Dado que carecemos das cifras absolutas a partir das que foron obtidas esas porcentaxes, preferimos prescindir da súa inclusión no Cadro 1.1.

Os datos corresponden ó total nacional que figura nas fontes consultadas. Os anos marcados cun asterisco indican que nos totais xerais faltaban cifras dalgunha Comunidade. Concretamente faltan os seguintes datos: 1987-88, Comunidade Autónoma de Andalucía; 1988-89, 1989-90, 1990-91 e 1994-95, Comunidade Autónoma Valenciana.

desa data prodúcese un incremento continuo do alumnado que cursa a lingua anglosaxona e un paralelo descenso do de francés, manifestándose de ano en ano as diferencias de maneira cada vez máis pronunciada.

CADRO 1.1.- Idiomas estranxeiros cursados polo alumnado de EXB/Ed. Primaria. Anos 1977-78 a 1995-96.

CURSOS	INGLÉS		FRANCÉS		OUTROS		TOTAL ALUMNADO IDIOMAS
	Nº als.	%	Nº als.	%	Nº als.	%	
1977-78	777.299	38,12	1.047.682	51,38	214.002	10,5	2.038.983
1978-79	909.906	41,75	1.104.146	50,67	165.143	7,58	2.179.195
1979-80	997.084	42,4	1.067.426	45,39	287.242	12,21	2.351.752
1980-81	1.053.734	49,74	1.054.705	49,79	9.943	0,47	2.118.382
1981-82	1.137.603	53,46	980.801	46,1	9.296	0,44	2.127.700
1983-84	1.309.733	60,82	829.668	38,53	13.977	0,65	2.153.378
1984-85	1.458.070	65,38	763.167	34,22	8.884	0,4	2.230.121
1985-86	1.555.341	71,11	623.674	28,52	8.131	0,37	2.187.146
1986-87	1.655.460	74,78	548.508	24,78	9.663	0,44	2.213.631
1987-88*	1.478.512	80,77	343.058	18,74	9.046	0,49	1.830.616
1988-89*	1.563.509	77,61	444.031	22,04	7.139	0,35	2.014.679
1989-90*	1.762.359	87,89	234.843	11,71	8.000	0,4	2.005.202
1990-91*	1.826.465	89,83	197.505	9,71	9.292	0,46	2.033.262
1991-92	2.081.383	92,21	167.427	7,42	8.345	0,37	2.257.155
1992-93	2.334.409	93,45	153.834	6,16	9.810	0,39	2.498.053
1993-94	3.037.138	95,39	137.540	4,32	9.226	0,29	3.183.904
1994-95*	2.844.193	96,03	108.879	3,68	8.804	0,29	2.961.876
1995-96	3.003.628	96,42	100.775	3,32	10.797	0,35	3.115.200

Por outra banda, tendo en conta que a partir do curso 1992-93 os datos que ofrecemos abranguen xa, xunto cos correspondentes ó nivel de Educación Xeral Básica, en vías de extinción, os relativos á nova etapa de Educación Primaria contemplada na LOXSE, comprobábase que, trala entrada en vigor desta última Lei, o inglés consolídase nese papel de primeira lingua estranxeira coa que entra en contacto o alumnado ó seu paso polo sistema educativo, quedando reducida a presenza do francés na etapa de Educación Primaria a unha mínima expresión.

Efectuada a análise global da distribución do alumnado atendendo á lingua estranxeira cursada, quedáanos agora por examinar cómo se repartía ese mesmo alumnado de idiomas en función de que a dependencia do centro fose estatal ou non estatal, para o que partiremos dos datos presentados no Cadro 1.2³⁰.

³⁰ Elaboración propia a partir das estatísticas anuais realizadas polo MEC. Ó final do artigo incluímos a relación completa.

Véxanse as notas incluídas para o Cadro 1.1. En ámbolos dous sectores, resaltamos en negra as porcentaxes correspondentes ó idioma que ten unha cifra máis elevada cada ano.

CADRO 1.2.- Distribución porcentual, por sectores, dos idiomas estranxeiros cursados polo alumnado de EXB/Ed. Primaria. Cursos 1977-78 a 1995-96.

Cursos	ALUMNADO SECTOR PÚBLICO				ALUMNADO SECTOR PRIVADO				TOTAL XERAL
	Inglés	Francés	Outros	Total	Inglés	Francés	Outros	Total	
1977-78	30,95	64	5,05	1.078.784	46,18	37,21	16,61	960.199	2.038.983
1978-79	35,42	59,53	5,05	1.189.754	49,38	40,01	10,61	989.441	2.179.195
1979-80	35,80	55,25	8,95	1.247.326	49,85	34,25	15,9	1.104.426	2.351.752
1980-81	40,37	59,51	0,12	1.183.806	61,62	37,47	0,91	934.576	2.118.382
1981-82	43,86	56	0,14	1.184.025	65,52	33,67	0,81	943.675	2.127.700
1983-84	52,06	47,63	0,31	1.217.855	72,22	26,69	1,09	935.523	2.153.378
1984-85	57,35	42,57	0,08	1.261.454	75,83	23,35	0,82	968.667	2.230.121
1985-86	64,36	35,56	0,08	1.249.231	80,10	19,14	0,76	937.915	2.187.146
1986-87	69,01	30,89	0,1	1.304.113	83,06	16,01	0,93	909.518	2.213.631
1987-88	76,91	23,09	0,07	1.024.163	85,73	13,24	1,03	806.453	1.830.154
1988-89	74,56	25,35	0,09	1.212.001	82,20	17,04	0,76	802.678	2.014.679
1989-90	86,39	13,55	0,06	1.214.855	90,19	8,89	0,92	790.347	2.005.202
1990-91	89,36	10,51	0,13	1.242.637	90,56	8,46	0,98	790.625	2.033.262
1991-92	92,30	7,54	0,16	1.415.140	92,07	7,21	0,72	842.015	2.257.155
1992-93	94,02	5,87	0,11	1.556.310	92,51	6,64	0,85	941.743	2.498.053
1993-94	96,24	3,74	0,02	2.020.531	93,91	5,33	0,76	1.163.373	3.183.904

Unha análise das cifras permite comprobar a existencia de diferenzas entre os sectores público e privado no que respecta á ensinanza do inglés e do francés durante os anos de vixencia da Lei Xeral de Educación. Así, no total de anos sometidos a estudo, nos centros non estatais a cifra de alumnado que cursa inglés é sempre superior á dos que estudia francés, confirmándose así a hipótese apuntada polas fontes estatísticas do Ministerio de Educación e Ciencia respecto da suposta maior capacidade dos centros non estatais para dar resposta a esa crecente demanda social cara a ensinanza da lingua inglesa. Pola contra, nos centros estatais, entre os anos 1977-78 e 1981-82, predomina aínda claramente o número de alumnos e alumnas que estudian francés, situándose sempre as cifras por enriba do 50% do total do alumnado que está a cursar idiomas estranxeiros. Temos que esperar ó curso 1983-84³¹ para que no sector público a proporción de alumnado de inglés supere á de francés. É na década dos noventa, concretamente no curso 1990-91, cando asistimos a una práctica equiparación entre os sectores público e privado no que se refire á cifra de alumnado que cursa inglés, que se sitúa xa nos dous arredor do 90%. Salientaremos, finalmente,

³¹ Recordaremos aquí que carecemos de información referida á distribución por sectores público e privado do alumnado de idiomas para o curso 1982-83.

que no conxunto do período estudado é común ós centros estatais e non estatais a tendencia sistematicamente ascendente do inglés e descendente do francés.

3.2 Profesorado de EXB capacitado para impartir idiomas estranxeiros

Os datos do Cadro 1.3³² permiten constatar cómo no conxunto do territorio español a proporción de profesorado capacitado ou especialista en francés supera amplamente á de inglés. As diferencias entre ámbalas dúas linguas mantéñense como unha constante, podendo sinalarse, de maneira moi xenérica, que as cifras para a primeira duplican case ás correspondentes á segunda. Este feito explicárase porque nos anos en que este profesorado tería realizado os seus estudos o francés contaba aínda cunha importante presenza no noso sistema educativo.

CADRO 1.3.- Profesorado de EXB capacitado para impartir idiomas estranxeiros. Cursos 1977-78 a 1987-88. Ámbito nacional.

CURSOS	FRANCÉS		INGLÉS		OUTROS		Total profesorado idiomas
	Nº profes.	%	Nº profes.	%	Nº profes.	%	
1977-78	16.506	60,48	9.349	34,25	1.438	5,27	27.293
1978-79	22.157	63,12	11.541	32,88	1.406	4	35.104
1979-80	24.550	64,87	12.063	31,87	1.232	3,26	37.845
1980-81	21.288	66,07	10.933	33,93	----	---	32.221
1981-82	21.631	66,61	10.844	33,39	----	---	32.475
1983-84	25.233	64,66	13.791	35,34	----	---	39.024
1984-85	30.687	66,28	15.614	33,72	----	---	46.301
1985-86	27.113	64,07	15.203	35,93	----	---	42.316
1986-87	27.135	63,02	15.924	36,98	----	---	43.059
1987-88	21.840	61,2	13.849	38,80	----	---	35.689

Pola súa banda, a análise por sectores, público e privado (Cadro 1.4³³) pon de manifesto cómo en cada un dos anos do período que vai de 1977-78 a 1987-88, tanto nos centros estatais como nos non estatais, existe un maior número de profesorado de EXB especialista en francés que en inglés. Nembargantes, as cifras de especialistas na lingua francesa son máis elevadas no **sector público**, onde os docentes de inglés acadan, como moito, unha terceira parte do total do profesorado especializado en linguas estranxeiras. No conxunto de anos

³² Elaboración propia a partir das estatísticas anuais realizadas polo MEC. Ó final do artigo incluímos a relación completa.

Faltan datos referidos ó curso 1982-83, para o que non podemos localizar ningunha fonte estatística na que figurase información sobre profesorado de idiomas estranxeiros.

A información referida a outros idiomas estranxeiros desaparece a partir do curso 1980-81.

³³ Elaboración propia a partir das estatísticas anuais realizadas polo MEC. Ó final do artigo incluímos a relación completa.

Véxanse as notas mencionadas para o Cadro 1.3.

considerados detéctase en ámbolos dous sectores unha tendencia ó incremento do profesorado de inglés.

CADRO 1.4.- Distribución porcentual, por sectores público e privado, do profesorado de EXB capacitado para impartir idiomas estranxeiros. Cursos 1977-78 a 1987-88. Ámbito nacional.

Cursos	PROFESORADO SECTOR PÚBLICO				PROFESORADO SECTOR PRIVADO				Total Xeral
	Francés	Inglés	Otros	Total	Francés	Inglés	Otros	Total	
1977-78	69,36	28,57	2,07	15.277	49,17	41,49	9,34	12.016	27.293
1978-79	70,09	27,94	1,97	21.449	52,17	40,63	7,20	13.655	35.104
1979-80	70,99	27,3	1,71	23.396	54,96	39,28	5,76	14.449	37.845
1980-81	69,08	30,92	-	21.599	59,95	40,05	-	10.622	32.221
1981-82	70,6	29,4	-	21.918	58,31	41,69	-	10.557	32.475
1983-84	69,16	30,84	-	27.579	53,81	46,19	-	11.445	39.024
1984-85	69,45	30,55	-	32.825	58,56	41,44	-	13.476	46.301
1985-86	68,1	31,9	-	31.100	52,9	47,10	-	11.216	42.316
1986-87	66,7	33,3	-	32.350	51,89	48,11	-	10.709	43.059
1987-88	65,05	34,95	-	26.130	50,66	49,34	-	9.559	35.689

Confírmense así, por conseguinte, para todo o período por nós analizado, as afirmacións contidas nos estudos estatísticos efectuados polo MEC nos primeiros anos en que comezou a recabarse información sobre os idiomas estranxeiros estudados polo alumnado no noso sistema educativo. As devanditas estatísticas apuntaban a existencia dunha cifra máis elevada de profesorado capacitado para impartir inglés no nivel de EXB no sector privado que no público, feito este que explicaría a razón pola que nos centros non estatais cursaba ese idioma un número maior de alumnos e alumnas que nos estatais. As diferencias obedecerían a que os centros privados gozarían dunha maior flexibilidade á hora de contratar ó profesorado que favorecería a selección daquel co perfil máis axeitado para adaptarse ós cambios producidos na demanda social, que apuntarían ó desexo de recibir ensinanzas de inglés, e non de francés. Nos centros públicos, pola contra, a maioría de especialistas en lingua estranxeira serían de francés debido a que esa era a lingua que estaba máis implantada nos anos correspondentes ó seu período formativo.

4. As convocatorias para a provisión de prazas de profesorado de Francés/Inglés nos Corpos docentes de niveis non universitarios³⁴

Nas liñas que seguen ofrecemos un pequeno estudo do número de prazas ofertadas para francés e inglés nas convocatorias de oposicións e concursos para ingreso nos Corpos

³⁴ Pese ó encabezaemento deste subapartado, non incluiremos no mesmo datos referidos ó profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas por ser un tipo particular de ensinanzas, consideradas como *de réxime especial*.

docentes de niveis non universitarios comprendidas entre os anos 1978 e 1999. Loxicamente se no período de vixencia da Lei Xeral de Educación empezou a existir unha menor demanda da primeira destas linguas que desembocou nunha exigua presenza do alumnado que a cursaba cara a finais da década dos oitenta, este feito tiña que verse reflectido nas convocatorias correspondentes a estas datas. Por outra banda, se actualmente na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato o francés pode ser cursado polo alumnado, aínda que sexa con carácter optativo, o normal é que teña sufrido algún tipo de modificación a oferta das prazas a cubrir para impartila.

Como paso previo á presentación da análise, faremos unha serie de precisións que faciliten a comprensión dos pasos seguidos para a súa realización. Non se pode esquecer que, ó longo dos vinteún anos considerados, producíronse distintos cambios tanto na normativa pola que se regulaba o ingreso na Función Pública docente como na configuración dos distintos Corpos.

En primeiro lugar, semella conveniente recordar cáles eran os Corpos de profesorado estatal ós que correspondía a ensinanza dos idiomas nos distintos niveis non universitarios na Lei Xeral de Educación e cáles son os contemplados actualmente na LOXSE.

No marco da Lei Xeral de Educación, correspondía impartir as ensinanzas de idiomas ós seguintes Corpos:

-Corpo de Profesores de Educación Xeral Básica: impartían francés ou inglés na Segunda Etapa da EXB (cursos 6º, 7º e 8º).

-Corpo de Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial: ocupábanse da lingua estranxeira na Formación Profesional de Primeiro e Segundo Grado.

-Corpo de Catedráticos de Bacharelato e Corpo de Profesores Agregados de Bacharelato: correspondíalles a docencia de idiomas estranxeiros no Bacharelato.

Periodicamente, polo xeral con carácter anual, a Administración convocaba procedementos selectivos para a provisión de prazas en cada un dos mencionados Corpos, podendo consistir estes en concurso-oposición ou, para o caso do Corpo de Catedráticos de Bacharelato, simple concurso de méritos.

A LOXSE conleva unha reestructuración e cambio de denominación dos Corpos docentes encargados dos diferentes niveis de ensinanza contemplados nela, que son Educación Infantil e Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e a nova Formación Pro-

fesional. Os antigos Profesores de EXB pasan a integrarse no Corpo de Mestres, mentres que os Profesores Agregados e Catedráticos de Bacharelato, xunto cos Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial pasan a formar parte dun único Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria. A partir de 1991 corresponde a ensinanza das linguas estranxeiras ó Corpo de Mestres e ó Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria. Esta reestructuración de Corpos xustifica a nosa decisión de presentar as convocatorias de procedementos selectivos para ingreso no unificado Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria nunha táboa independente que abrangue dende o ano 1991 ata 1999 (Cfr. Táboa 1.4)³⁵.

En segundo lugar, é necesario salientar que a convocatoria de oposicións e concursos para acceso ós distintos Corpos docentes tiña, ata o ano 1980, un carácter nacional, abrangendo a totalidade do territorio do Estado español. A partir desa data, unha vez que comeza a configurarse o novo mapa de España como Estado das Autonomías, comezan a realizarse convocatorias específicas naquelas Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia educativa independentes das que seguiu a realizar o MEC no seu ámbito de xestión. Nos anos 1981 e 1982, unicamente Cataluña e o País Vasco teñen convocatorias propias. Tendo en conta que a experiencia docente de quen suscribe estas liñas sitúase no ámbito da Comunidade Autónoma galega, decidimos incluír, a partir da data na que se convocaron probas específicas nesta comunidade, o ano 1983, as convocatorias correspondentes ó ámbito de xestión do MEC e da Xunta de Galicia. Pensamos que ámbalas dúas, ó ser presentadas de maneira conxunta, poden constituir un bó parámetro para a observación dos posibles cambios acontecidos na demanda de profesorado de inglés e de francés no noso sistema educativo (Cfr. Táboas 1.2, 1.3, e 1.4).

En terceiro lugar, é preciso explicar as razóns da non inclusión de datos das convocatorias de oposicións para ingreso no Corpo de Profesores de Educación Xeral Básica, posteriormente Corpo de Mestres, ata o ano 1988 (Cfr. Táboa 1.3). Se ben o noso desexo era poder ofrecer unha panorámica de conxunto de tódolos Corpos ós que correspondía a ensinanza dos idiomas inglés e francés nos distintos niveis de Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional, vímonos na obriga de prescindir, nun primeiro momento, dos datos do Profesorado de EXB debido a que nese Corpo o número de prazas ofertadas repar-

³⁵ Convén recordar aquí que o nivel de catedrático pasa a converterse nunha condición, nun mérito que se adquire con carácter persoal, deixando de estar asociada a denominación á provisión dun posto de traballo (Cfr. Disposición adicional novena, apartado cuarto e Disposición adicional decimosexta, apartado terceiro, da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro [BOE do 4]; véxase tamén o Capítulo IV do Real Decreto 575/1991, de 22 de abril [BOE do 23] polo que se regula a adquisición da condición de catedrático).

tíase en especialidades ou áreas atendendo a unha proporción fixa, correspondendo á especialidade de Filoxía un tanto por cento global para ámbolos dous idiomas sen especificación de cifra numérica para cada un deles. No ámbito de xestión do MEC aparecen detalladas, por primeira vez, as prazas asignadas ás especialidades de Filoxía Inglesa e Filoxía Francesa na convocatoria do ano 1985 (Orde de 29 de marzo de 1985, BOE do 5 de abril). No caso da Comunidade Autónoma de Galicia esa especificación non se produce ata o ano 1988 (Orde de 23 de marzo de 1988, DOG do 30 de marzo). Tendo en conta que a nosa intención era ofrecer, de maneira paralela, datos pertencentes ó ámbito de xestión do MEC e da Comunidade Autónoma galega, decidimos presentar unicamente os anos en que en ámbalas dúas convocatorias se fai constar, expresamente, o número de prazas concreto asignado a cada idioma por separado.

En cuarto e último lugar, temos que xustificar a elección do ano 1978 como primeira data da que ofrecemos cifras. O noso desexo era partir dunha data que permitise comparar as prazas convocadas nos tres Corpos: Catedráticos Numerarios de Bacharelato, Agregados de Bacharelato e Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial, presentándose o problema no caso destes últimos. Como se sabe, as ensinanzas de Formación Profesional recollidas na Lei Xeral de Educación foron sometidas a unha ampla experimentación antes de que se procedera a unha definitiva regulación das mesmas (Cfr. Decreto 707/1976, de 5 de marzo, sobre Ordenación de la Formación Profesional, BOE de 12 de abril). Unha vez reguladas, foron implantadas de maneira paulatina a partir do curso 1975-76, pódose de manifesto, como consecuencia deste feito, a necesidade de reordenar e unificar ó profesorado encargado de impartilas, que se caracterizaba por unha enorme heteroxeneidade en canto a titulacións. A Lei 37/1977, de 23 de maio, sobre fixación de plantillas dos Corpos de Profesores Numerarios e Mestres de Taller de Centros de Formación Profesional (BOE do 25 de maio), incrementa considerablemente o número de prazas para eses dous Corpos, anunciando na súa disposición transitoria a convocatoria de vacantes en turno restrinxido durante cinco anos sucesivos a partir do curso académico 1977-78. Isto explica que decidíramos comezar pola primeira convocatoria de concurso-oposición restrinxido regulada pola devandita Lei 37/1977 na que se ofertaban prazas de francés e inglés no Corpo de Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial, que tivo lugar no ano 1978³⁶.

Efectuadas as anteriores aclaracións, quedanos por explicar a forma en que presentamos os datos, que figuran distribuídos en catro grandes bloques, tres referidos ós Corpos docentes de Ensinanzas Medias e un ó Corpo de Profesores de EXB/Mestres:

-Nunha primeira táboa (Cfr. Táboa 1.1) incluímos o número de prazas de francés e inglés

convocadas nas oposicións/concursos para acceso ós Corpos de Catedráticos Numerarios de Bacharelato, Profesores Agregados de Bacharelato e Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial comprendidas entre os anos 1978 e 1982.

-Un segundo grupo de datos corresponde ás convocatorias de oposicións/concursos efectuadas entre os anos 1983 e 1990 para eses mesmos Corpos de Ensinanzas Medias no ámbito de xestión do MEC e na Comunidade Autónoma galega (Cfr. Táboa 1.2).

-O terceiro grupo de datos refírese exclusivamente ás convocatorias de concurso/oposición para ingreso no antigo Corpo de Profesores de Educación Xeral Básica e actual Corpo de Mestres correspondentes ó ámbito de xestión do MEC e á Comunidade Autónoma galega entre os anos 1988 e 1999.(Cfr. Táboa 1.3).

-O cuarto e último grupo de datos, pola súa banda, comprende unicamente as convocatorias de concurso-oposición para a provisión de prazas de profesorado de francés e inglés no unificado Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria efectuadas despois da entrada en vigor da LOXSE, abrangendo os anos 1991 a 1999 (Cfr. Táboa 1.4).

TÁBOA 1.1.- Prazas de Francés e Inglés convocadas nas oposicións/concursos para acceso ós Corpos docentes de EE. MM. entre os anos 1978 e 1982. Totais anuais, total xeral e distribución porcentual.

A n o s	Nº prazas Francés					Nº prazas Inglés					Total prazas ambos idiomas
	Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		
				Prazas	%				Prazas	%	
	1978	80	1387	63	1530	41,64	120	1795	230	2145	
1979	188	707	10	905	51,74	188	626	30	844	48,26	1749
1980	140	182	56	378	41,91	200	132	192	524	58,09	902
1981	64	66	128	258	31,23	76	201	291	568	68,77	826
1982	114	408	58	580	39,59	138	501	246	885	60,41	1465
Total	586	2750	315	3651	42,37	722	3255	989	4966	57,63	8617

³⁶ Cfr. Orde de 22 de febreiro de 1978, BOE 2-III-1987.

Unha simple ollada á Táboa 1.1³⁷ pon de manifesto a existencia dunha maior demanda de profesorado de inglés que de francés para o conxunto de convocatorias correspondentes ós diferentes Corpos na práctica totalidade dos anos. Unha análise por separado de cada Corpo permite apreciar cómo no caso dos Catedráticos de Bacharelato, constitúe unha excepción o ano 1979, no que existe un equilibrio no número de prazas docentes ofertadas para os dous idiomas, se ben nos restantes anos mantéñese a diferenza a favor do inglés. Por outra banda, vese igualmente que é no caso dos Profesores Numerarios de Escolas de Mesaría Industrial onde o desequilibrio entre o número de prazas ofertado para cada unha das linguas maniféstase dun xeito máis acusado, reflectíndose nel unha situación claramente desfavorable para o francés. Dentro do Corpo de Profesores Agregados de Bacharelato, constitúen unha excepción á tendencia constatada as cifras de prazas correspondentes ós anos 1979 e 1980, onde a demanda de profesorado de francés supera á de inglés, aínda que se mantén a diferenza favorable á segunda no resto dos anos. É importante subliñar que, nas datas que nos ocupan, este era o Corpo ó que pretendía acceder a maior parte do alumnado que se licenciaba nas Facultades de Filoxía, dado que o número de prazas convocado era sempre superior ó ofertado en Cátedras e o exame da oposición máis fácil.

Se tomamos como referente o total de prazas de idiomas convocadas nos tres corpos ó longo do período que vai de 1978 a 1982, vemos que a cifra de prazas de inglés supera á de francés. Con todo, segue a ofertarse aínda nesas datas, como pode comprobarse, un número relativamente importante de prazas de francés en tódolos Corpos docentes de Ensinanzas Medias.

³⁷ Elaboración propia a partir das correspondentes Ordes de convocatoria.

1978: Ordes do 21 de febreiro (BOE do 23) e Orde do 22 de febreiro (BOE do 2 de marzo).- 1979: Orde do 1 de decembro de 1978 (BOE do 19); Ordes do 17 de febreiro (BOE do 23) e Orde do 24 de febreiro (BOE do 5 de marzo).- 1980: Orde do 24 de xaneiro (BOE do 2 de febreiro) e Ordes do 28 de febreiro (BOE do 29 de febreiro e 1 de marzo) e Orde do 15 de febreiro (BOE do 1 de marzo).- 1981: Ordes do 26 de febreiro (BOE do 3 e 4 de marzo) e Ordes do 26 de febreiro (BOE do 5 de marzo).- 1982: Ordes de 26 de febreiro (BOE do 4 e do 9 de marzo).

NOTA: As cifras referidas ós anos 1981 e 1982 non inclúen as convocatorias específicas do País Vasco e Cataluña.

TÁBOA 1.2.- Prazas de Francés e Inglés convocadas nas oposicións/concursos para acceso ós Corpos docentes de EE. MM. no ámbito de xestión do MEC e na Comunidade Autónoma de Galicia entre os anos 1983 e 1990. Totais anuais, total xeral e distribución porcentual

ÁMBITO DE XESTIÓN DO MEC											
A n o s	Nº prazas Francés					Nº prazas Inglés					Total prazas ambos idiomas
	Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		
				Prazas	%				Prazas	%	
1983	39	99	55	193	24,78	58	425	103	586	75,22	779
1984	6	61	64	131	20,73	36	370	95	501	79,27	632
1985	6	18	36	60	19,8	36	115	92	243	80,2	303
1986		0	10	10	2,22		260	180	440	97,78	450
1987		0	0	0	0		260	63	323	100	323
1988		0	7	7	2,41		220	64	284	97,59	291
1989		0	15	15	3,25		300	147	447	96,75	462
1990		0	8	8	1,23		550	90	640	98,77	648
Total	51	178	195	424	10,91	130	2500	834	3464	89,09	3888
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA											
A ñ o s	Nº prazas Francés					Nº prazas Inglés					Total prazas ambos idiomas
	Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		Cate- dráticos	Agre- gados	Prof. Num. E.M.I.	Total		
				Prazas	%				Prazas	%	
1983	6	18	7	31	33,7	5	40	16	61	66,3	92
1984	1	3	3	7	14,58	2	29	10	41	85,42	48
1985	1	4	4	9	11,69	2	41	25	68	88,31	77
1986		0	6	6	7,5		54	20	74	92,5	80
1987		0	0	0	0		42	26	68	100	68
1988		0	0	0	0		52	19	71	100	71
1989		0	0	0	0		55	16	71	100	71
1990		0	10	10	10		60	30	90	90	100
Total	8	25	30	63	10,38	9	373	162	544	89,62	607

As cifras recollidas na Táboa 1.2³⁸ resultan especialmente relevantes de cara a amosar esa menor presenza do francés no noso sistema educativo. Así, aínda que o paulatino declive do francés teríase iniciado xa na década dos setenta, faríase patente dun xeito moi acusado nos niveis de Ensinanzas Medias cara a mediados dos oitenta, desembocando, nos anos que precederon á LOXSE, nunha situación moi próxima á desaparición total³⁹. Este feito tivo importantes repercusións no que atinxe ó decrecemento da demanda de docentes para impartir a materia nos niveis de Bacharelato e Formación Profesional. Os datos que ofrecemos aquí avalan a nosa exposición. Así, no ano 1986, por vez primeira, non se convocan prazas de francés para cubrir no Corpo de Profesores Agregados de Bacharelato nin no territorio MEC nin en Galicia, prolongándose esta situación ata o ano 1990 inclusive. En calquera caso, a análise das convocatorias de prazas de francés no Corpo de Agregados efectuadas entre 1983 e 1990 permite corroborar cómo este idioma aparece nunha posición de desventaxa cada vez máis acusada fronte ó inglés.

Se comparamos os datos do Corpo de Agregados cos do Corpo de Profesores Numerarios de Escolas de Mestría Industrial, apréciase unha situación lixeiramente mellor neste último. Existen, con todo, diferencias entre o territorio MEC e a Comunidade Autónoma galega, aínda que se mantén como constante a tendencia á baixa en ámbolos dous, sendo sempre o número de prazas de francés inferior ó de inglés. No caso do MEC, a ausencia de prazas para acceder a este corpo circunscríbese a un único ano, 1987, mentras que no caso de Galicia no se convocaron oposicións para impartir a materia ó longo de tres anos consecutivos (1987, 1988 e 1989).

³⁸ Elaboración propia a partir das correspondentes Ordes de convocatoria.

Boletín Oficial do Estado.- 1983: Ordes do 17 e 18 de marzo (BOE do 22 e do 23).- Convocatorias correspondentes a Galicia (recollidas no BOE): Ordes do 18 de marzo (BOE do 29 e do 30).- 1984: Ordes do 15 de marzo (BOE do 17 e 19).- 1985: Ordes do 20 e 29 de marzo (BOE do 3, 6 e 8 de abril) .- 1986: Orde do 21 de marzo (BOE do 31).- 1987: Orde do 25 de marzo (BOE do 30).- 1988: Orde do 28 de marzo (BOE do 30).- 1989: Orde do 15 de abril (BOE do 18).- 1990: Orde do 21 de abril (BOE do 23).

Diario Oficial de Galicia.- 1984: Ordes do 15 de marzo (DOG do 23) e Orde do 9 de marzo (DOG do 24).- 1985: Ordes do 29 de marzo (DOG do 13 de abril) .- 1986: Orde do 29 de marzo (DOG do 10 de abril).- 1987: Orde do 25 de marzo (DOG do 10 de abril).- 1988: Orde do 25 de marzo (DOG do 28).- 1989: Orde do 15 de abril (DOG do 17).- 1990: Orde do 16 de abril (DOG do 24).

NOTA: A última convocatoria para a provisión de prazas de no Corpo de Catedráticos de Bacharelato mediante oposición correspondeu ó curso 1985, tanto no ámbito de xestión do MEC como na Comunidade Autónoma Galega. De ahí que a partir desa data os correspondentes recadros figuren baleiros.

³⁹ Cfr. Cadro 1.1, referido ós idiomas estranxeiros cursados polo alumnado de EXB/Ed. Primaria.

A análise a nivel global do total de prazas de inglés y francés convocadas para ingreso nos distintos Corpos docentes de Ensinanzas Medias entre os anos 1983 e 1990 ofrece resultados moi similares para o ámbito de xestión do MEC e a Comunidade Autónoma galega, correspondendo ó idioma inglés arredor do 90%. Confírmase así, na práctica totalidade das convocatorias correspondentes ós diferentes anos e Corpos, a maior demanda de profesorado desa lingua. A única excepción á anterior afirmación ven dada pola convocatoria da Comunidade Autónoma de Galicia para a cobertura de prazas no Corpo de Catedráticos de Bachillerato do ano 1983, data na que se oferta unha vacante máis en francés que en inglés (6 fronte a 5). As diferencias entre ámbolos dous idiomas son, por conseguinte, moito máis acusadas que no período que vai de 1978 e 1982, anteriormente analizado, onde a demanda de docentes de francés era aínda importante.

Os datos referidos ó número de prazas de francés e inglés convocadas para ingreso no Corpo de Profesores de EXB/Mestres entre os anos 1988 e 1999 no territorio MEC e na Comunidade Autónoma de Galicia, que presentamos na Táboa 1.3⁴⁰, ofrecen un interese especial dende a nosa óptica investigadora. Do seu exame despréndese que, no momento presente, as necesidades en canto a especialistas en lingua estranxeira sitúanse, para o nivel de Educación Primaria, no idioma inglés. Dedúcese, por conseguinte, que trala implantación da LOXSE, tense producido unha consolidación do estatus do inglés como primeira lingua estranxeira coa que o alumnado entra en contacto ó seu paso polas nosas institucións escolares.

⁴⁰ Elaboración propia a partir das correspondentes Ordes de convocatoria recollidas no BOE e no DOG para os distintos anos.

Boletín Oficial do Estado.- 1988: Orde do 30 de marzo (BOE do 30).- 1989: Orde do 15 de abril (BOE do 18).- 1990: Orde do 23 de abril (BOE do 26).- 1991: Orde do 23 de abril (BOE do 24).- 1992: Orde do 5 de maio (BOE do 6).- 1993: Orde do 19 de febreiro (BOE do 25).- 1994: Orde do 22 de marzo (BOE do 25).- 1995: Orde do 3 de maio (BOE do 5).- 1996: Orde do 28 de febreiro (BOE do 7 de marzo).- 1997: Orde do 4 de abril (BOE do 10).- 1998: Orde do 17 de abril (BOE do 24).- 1999: Orde do 26 de abril (BOE do 4 de maio).

Diario Oficial de Galicia.- 1988: Orde do 23 de marzo (DOG do 30).- 1989: Orde do 14 de abril (DOG do 17) .- 1990: Orde do 16 de abril (DOG do 23).- 1991: Orde do 23 de abril (DOG do 26)- 1992: Orde do 6 de maio (DOG do 7).- 1994: Orde do 7 de xuño (DOG do 10).- 1995: Orde do 28 de marzo (DOG do 7 de abril).- 1996: Orde do 11 de marzo (DOG do 19).- 1997: Orde do 25 de marzo (DOG do 2 de abril).- 1998: Orde do 23 de febreiro (DOG do 6 de marzo).- 1999: Orde do 12 de marzo (DOG do 22).

NOTA: Os recadros baleiros indican que non se convocaron procedementos selectivos para ingreso no Corpo de Profesores de EXB/Mestres no ano correspondente. Constitúe unha excepción o ano 1998 na Comunidade Autónoma de Galicia, data na que se repetiron as oposicións do ano 1992, razón por la que omitimos a inclusión das correspondentes prazas, que xa figuran na convocatoria dese ano (Cfr. Orde do 23 de febreiro de 1998, DOG do 6 de marzo).

TÁBOA 1.3.- Prazas de especialistas de Francés/Inglés convocadas nas oposicións para ingreso no Corpo de Profesores de EXB/Mestres no ámbito de xestión do MEC e na Comunidade Autónoma de Galicia entre os anos 1988 e 1999. Total anual, total xeral e distribución porcentual.

Ano	AMBITO DE XESTIÓN DO MEC					COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA				
	Francés		Inglés		Total prazas ambos idiomas	Francés		Inglés		Total prazas ambos idiomas
	Nº prazas	%	Nº prazas	%		Nº prazas	%	Nº prazas	%	
1988	35	12,87	237	87,13	272	20	25	60	75	80
1989	13	3,87	323	96,13	336	25	17,86	115	82,14	140
1990	11	2,14	503	97,86	514	25	17,86	115	82,14	140
1991	17	1,82	916	98,18	933	10	12,05	73	87,95	83
1992	0	0	567	100	567	10	12,05	73	87,95	83
1993	0	0	291	100	291	-	-	-	-	-
1994	0	0	334	100	334	10	11,11	80	88,89	90
1995	0	0	120	100	120	0	0	30	100	30
1996	-	-	-	-	-	0	0	60	100	60
1997	0	0	231	100	231	0	0	20	100	20
1998	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
1999	0	0	312	100	312	0	0	23	100	23
Total	76	1,94	3834	98,06	3910	100	13,35	649	86,65	749

A nivel global, no conxunto de anos considerados, tanto no ámbito de xestión do MEC como en Galicia, apréciase unha acusadísima diferenza entre o número de prazas ofertadas para ámbolos dous idiomas manifestamente favorable ó inglés, ó que lle corresponden respectivamente un 98,06% no MEC e un 86,65 % en Galicia respecto do total das convocadas. Os datos da Táboa 1.3 permiten apreciar a evolución da oferta de prazas no Corpo de Mestres con posterioridade á implantación da LOXSE (convocatoria correspondente ó ano 1991), oferta que no caso do MEC se sitúa en cero para o idioma francés dende 1992 ata a actualidade, mentres que en Galicia esta situación prodúcese só a partir de 1995. En ámbolos dous ámbitos de xestión existe, por conseguinte, unha coincidencia na escasísima oferta de prazas para profesorado especialista en francés que conduce á desaparición total, presumiblemente porque non existe demanda dese idioma no momento actual no nivel de Educación Primaria nos centros da rede pública.

Quédanos, por último, proceder ó exame das convocatorias de prazas de francés e inglés para ingreso no unificado Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria efectuadas trala entrada en vigor da LOXSE no territorio MEC e na Comunidade Autónoma de Galicia, que presentamos na Táboa 1.4⁴¹.

⁴¹ Elaboración propia a partir das correspondentes Ordes de convocatoria.

Boletín Oficial do Estado.- 1991: Orde do 23 de abril (BOE do 24).- 1992: Orde do 5 de maio (BOE do 6).- 1993: Orde do 22 de febreiro (BOE do 26).- 1994: Orde do 21 de marzo (BOE do 25).- 1996: Orde do 28 de febreiro (BOE do 7).- 1998: Orde do 17 de abril (BOE do 24).

TÁBOA 1.4.- Prazas de Francés/Inglés convocadas nos procedementos selectivos para acceso ó Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria no ámbito de xestión do MEC e a Comunidade Autónoma de Galicia entre os anos 1991 e 1999. Total anual, total xeral e distribución porcentual.

Ano	AMBITO DE XESTIÓN DO MEC					COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA				
	Francés		Inglés		Total prazas ambos idiomas	Francés		Inglés		Total prazas ambos idiomas
	Nº prazas	%	Nº prazas	%		Nº prazas	%	Nº prazas	%	
1991	74	7,92	860	92,08	934	46	32,86	94	67,14	140
1992	76	8,62	806	91,38	882	30	21,43	110	78,57	140
1993	50	8,91	511	91,09	561	-	-	-	-	-
1994	0	0	80	100	80	6	10,71	50	89,29	56
1995	-	-	-	-	-	5	20	20	80	25
1996	44	23,16	146	76,84	190	6	16,67	30	83,33	36
1997	-	-	-	-	-	10	100	0	0	10
1998	177	72,84	66	27,16	243	0	0	0	0	0
1999	-	-	-	-	-	60	100	0	0	60
Total	421	14,57	2469	85,43	2890	163	34,9	304	65,1	467

Ó noso xuízo, nas convocatorias correspondentes a estas datas vese reflectida esa re-
parición do francés como Segunda Lingua Estranxeira cursada polo alumnado con carácter
optativo. Para una correcta interpretación do período que nos ocupa, convén mirar de novo
a Táboa 1.2, onde víamos que entre 1986 e 1990 non se tiña ofertado ningunha praza de
francés no Corpo de Agregados. A Táboa 1.4 pon de manifesto unha situación moito máis
favorable para este idioma no novo corpo encargado de impartilo nos niveis de Educación
Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Así, resulta curioso observar cómo a convocatoria do
ano 1999 correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia inclúe un número considera-
ble de prazas de francés e ningunha de inglés, significando isto a existencia dunha certa
saturación de profesorado no caso da segunda que se traduce nunha ausencia de prazas
dende 1997. Para o caso deste último ano vemos, pola contra, que sí se convocan prazas de
francés. Polo que respecta ó ámbito de xestión do MEC, se ben nos atopamos cun ano
(1994) no que non se convocaron prazas de francés e si de inglés, en conxunto, apreciáse
tamén unha evolución positiva para o primeiro dos idiomas. Así, os datos referidos á última

Diario Oficial de Galicia.- 1991: Orde do 24 de abril (DOG do 29).- 1992: Orde do 28 de abril (DOG do 7 de maio).- 1994: Orde do 8 de xuño (DOG do 10).- 1995: Orde do 28 de marzo (DOG do 7 de abril).- 1996: Orde do 19 de marzo (DOG do 3 de abril).- 1997: Orde do 19 de marzo (DOG do 3 de abril).- 1998: Orde do 15 de abril (DOG do 24).- 1999: Orde do 15 de marzo (DOG do 22).

NOTA: Os recadros baleiros indican que non se convocaron procedementos selectivos para ingreso no
Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria nese ano.

das convocatorias, a de 1998, resultan altamente significativos, xa que a cifra de francés supera amplamente á de inglés. Se tomamos como referente o total de anos considerados no noso estudo, podemos comprobar que este feito non se producía dende 1979 e 1980, datas nas que as convocatorias para a ingreso no Corpo de Profesores Agregados ofrecían tamén un número de prazas máis elevado para francés (Cfr. Táboa 1.1).

Como principal conclusión a extraer das convocatorias efectuadas a partir da entrada en vigor da LOXSE salientaremos a diferenza entre a situación que se presenta no Corpo de Mestres e no Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria. No primeiro deles, a demanda de especialistas no idioma francés queda reducida a cero, o que apunta cara a unha xeneralización das ensinanzas do inglés na etapa de Educación Primaria, véndose así consolidado o seu estatus como lingua estranxeira máis escollida polo alumnado en consonancia coa tendencia esbozada xa en anos anteriores durante a vixencia da Lei Xeral de Educación. No Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria, pola contra, si existe unha demanda de profesorado de francés no momento actual, feito que se explica pola inclusión nos curricula de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato dunha Segunda Lingua Extranxeira a cursar con carácter optativo polo alumnado.

RELACIÓN DE FONTES ESTADÍSTICAS EMPREGADAS

Cadros 1.1 e 1.2:

- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1978): *La educación en España. Análisis del Curso 1977-78. Educación Preescolar, General Básica, Especial, Adultos, Formación Profesional, Bachillerato, C.O.U., Educación Universitaria, Estudiantes extranjeros.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1979): *Estadística de la Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1978-79. Análisis de los datos.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1980): *Estadística de la Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1979-80. Análisis de los datos.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1981): *La Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1980-81. Análisis de los datos nacionales.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1983): *La educación en España. Análisis de la situación en 1982. Preescolar, Educación General Básica, Educación Especial, Permanente de Adultos, Formación Profesional, Bachillerato y C.O.U., Enseñanzas Artísticas y otras no integradas en el sistema educativo.* Madrid, MEC, Gabinete de Estudios Estadísticos.
- _____ (1987): *Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Cursos 1984-85 y 1985-86. Análisis de los datos nacionales.* Madrid, MEC, Servicio de Estudios Estadísticos.
- _____ (1988): *Educación Preescolar, General Básica y Especial. Curso 1986-87.* Madrid, MEC, Centro de Proceso de Datos y Servicio de Estudios Estadísticos.
- _____ (1989): *Estadísticas. Preescolar. E.G.B.. Curso 1987-88.* Madrid, MEC, Centro de Proceso de Datos.
- _____ (1992): *Estadística de la Enseñanza en España. Niveles de Preescolar, General Básica y EE. MM. 1988-89.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.

- _____ (1993): *Estadística de la Enseñanza en España. Niveles de Preescolar, General Básica y EE. MM. 1989-90.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1994): *Estadística de la Enseñanza en España. Niveles de Preescolar, General Básica y EE. MM. 1990-91.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1994): *Estadística de la Enseñanza en España. Niveles de Preescolar, Infantil, General Básica y EE. MM. 1991-92.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1995): *Estadística de la Enseñanza en España. E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/E.G.B. y EE. MM. Secundaria. 1992-93.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1996): *Estadística de la Enseñanza en España. E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/E.G.B., E. Secundaria y F. Profesional, EE. Artísticas e Idiomas, Otras Enseñanzas de Nivel Secundario. 1993-94.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1996): *Estadística de la Enseñanza en España. E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/E.G.B., E. Secundaria y F. Profesional, EE. Artísticas e Idiomas, E. de Adultos. 1994-95.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- _____ (1998): *Estadística de la Enseñanza en España. E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/E.G.B., E. Secundaria y F. Profesional, EE. Artísticas e Idiomas, E. de Adultos. 1995-96.* Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.

Cadros 1.3 e 1.4:

- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1978): *La educación en España. Análisis del Curso 1977-78. Educación Preescolar, General Básica, Especial, Adultos, Formación Profesional, Bachillerato, C.O.U., Educación Universitaria, Estudiantes extranjeros.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1979): *Estadística de la Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1978-79. Análisis de los datos.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1980): *Estadística de la Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1979-80. Análisis de los datos.* Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.

- _____ (1981): *La Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Curso 1980-81. Análisis de los datos nacionales*. Madrid, MEC, Gabinete de Estadística.
- _____ (1983): *La educación en España. Análisis de la situación en 1982. Preescolar, Educación General Básica, Educación Especial, Permanente de Adultos, Formación Profesional, Bachillerato y C.O.U., Enseñanzas Artísticas y otras no integradas en el sistema educativo*. Madrid, MEC, Gabinete de Estudios Estadísticos.
- _____ (1987): *Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Cursos 1984-85 y 1985-86. Análisis de los datos nacionales*. Madrid, MEC, Servicio de Estudios Estadísticos.
- _____ (1988): *Educación Preescolar, General Básica y Especial. Curso 1986-87*. Madrid, MEC, Centro de Proceso de Datos y Servicio de Estudios Estadísticos.
- _____ (1989): *Estadísticas. Preescolar. E.G.B. Curso 1987-88*. Madrid, MEC, Centro de Proceso de Datos.